



—♡—
GRAN CAMPIONATO
dos calcetins
—♡—



Prezadas familias: a proposta de xogos que aquí vos fago ven a complementar a que presenteí con anterioridade neste documento colgado na Web: [Actividades psicomotricidade - 2.pdf](#) Por suposto a intención non é sobrecargar as/os peques de actividades senón achegar recursos e ideas por se vos foran de utilidade. Agardo que todo vaia ben e mando un bico "gigaenorme" para todas as nenas e nenos, bótovos moito de menos!!!

Sara.

1º CANTOS CALCETÍNS ES CAPAZ DE CALZAR
NUN PÉ NUN MINUTO?.

O tempo será flexible segundo a idade, logo contan, axudámoslles escribindo a cantidade.



2º CADA CALCETÍN CO SEU AMIGUÍN.

Poñemos calcetíns de diferentes cores, tamaños, texturas etc nunha caixa de cartón e terán que emparellalos, dobralos, colgalos nun tendal, poden tamén ordealos por tamaños, clasificar atendendo ao membro da familia ao que pertencen,... os nenos máis maiores poden facelo cronometrando o tempo que lles leva e tratando de mellorar a súa marca, todo o que se vos ocorra,...





.....
e por suposto...recollelos!
cada un no seu caixón!

3º PELOTAS DE CALCETÍNS

Facemos unhas pelotas de calcetíns, deixando que os nenos e nenas experimenten e descubran o xeito de facelas máis grandes, mais pequenas ,como poden xogar con elas,...



Nos podemos propoñerlle outros como:

- Equilibrio: camiñar cunha pelota de calcetín, tentando que non caia, sobre a palma da man (cara arriba e cara abaixo), sobre a cabeza, un e outro ombro. Andamos a gatas coa pelota sobre as costas ou o cu. Subidos a uns coxíns coas tapas dunha caixa de zapatos lanzamos e recolleemos a pelota sen perder o equilibrio. Se teñen irmáns bailar coa pelota entre as súas barrigas, frontes,...





- Salto: facemos obstáculos cos calcetíns no corredor que teñen que saltar, poden crealos elas/es mesmas/os. Dende un extremo do corredor lanzámoslle un calcetín a ras do chan e terán que esquivalo cun salto. Lanzámosllo polo aire e terán que saltar para pillalo.
- Adiviña que ...: metemos dentro dun calcetín obxectos que terán que adiviñar tocando: chave, pulseira, colar, lapis, xoguetes (boneco, animalíños, coches,...), pinza do cabelo, unha froita pequena, unha moeda,... cousas que se vos ocorran e que eles poidan recoñecer, hai moitas posibilidades!



● Partidazos:

- ◆ Xogamos coas pelotas de calcetín ao fútbol.
- ◆ Encestámolas en caixas de cartón, a distintas distancias con puntos por nivel de dificultade.
- ◆ Bolos con botellas de auga baleiras, rolos de papel,...
- ◆ Calcetín-tennis, empregando como raquetas un cartón duro, ou calquera outra cousa que atopedes pola casa.
- ◆ Pases e recepcións a distintas alturas,...
- ◆ Golfetín: facemos un percorrido pola casa e cun paraugas, culler de pau etc, terán que ir levando a bola, sorteando todos os obstáculos ata a meta.(rodeando bricks de leite en zig-zags, subíndoa por unha costa de revistas, lanzándoa por un túnel feito con libros ou

caixas de galletas, etc,...inventade con elas/es!.



- ◆ Frío-frío: escondemos unha parella dun calzetín e terán que buscala pola casa dándolle nos pistas: frío-morno-quente dependendo do perto que estén, logo esconderano eles/as e darán as indicacións.

● Creamos con calzetíns

- ◆ Inventamos usos tolos para os calzetíns: facer unhas orellas, unha cola,...
- ◆ Escribir e debuxar con calzetíns: formas, letras números o que queiran!





◆ *Facemos marionetas e inventamos historias !!!*



*Sara Antelo
EEI de Milladoiro*